

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Fundación +34 para á atención das persoas galegas que se atopen en situación de privación de liberdade no exterior e especial necesidade.

Á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspóndelle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras, as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e as atribuídas á comunidade autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

Segundo o último informe do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación, así como dos datos que dispón a Fundación +34, hai 18 persoas galegas que se atopan en situación de privación de liberdade en terceiros países con estándares penitenciarios significativamente inferiores aos existentes en España.

Destas persoas recluídas, 4 cumpren condena en México, 2 en Perú, 1 en Arxentina, 8 en Marruecos, 2 en Senegal e 1 en Sudáfrica, na súa maioría vivindo en situación extrema.

Características comúns dos sistemas penitenciarios destes países son a sobrepoboación, violencia e precariedade, incluíndo a falta de acceso a servizos básicos, tales coma o espazo, a auga potable, os alimentos, a atención médica ou xurídica e a falta dos estándares básicos de saneamento e hixiene.

Outros problemas cos que se atopa este colectivo son os da dificultade de resolver a súa situación xurídica que posibilite a súa repatriación para o cumprimento de condenas en España ou os da soidade e a falta de noticias da súa terra e en algúns casos, das súas familias, dado que se atopan en situación de desaparición "voluntaria", para evitar que os seus familiares e os seus achegados coñezan o seu estado.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior establece no seu artigo 5 un mandato á Administración Xeral do Estado e ás Comunidades Autónomas para asistencia e protección dos españois no exterior en privación de liberdade.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



A intención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é colaborar con entidades públicas ou privadas para favorecer as condicións físicas e psicolóxicas destas persoas nos países onde a situación é máis deficiente.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Fundación +34 un convenio que ten por obxecto establecer o marco de colaboración para contribuír na mellora da situación das persoas galegas que se atopan en situación de especial necesidade por causa de privación de liberdade no exterior.

A Fundación +34 é unha organización privada, de natureza fundacional, de carácter social e benéfica sen ánimo de lucro, e entre os seus fins se atopa a axuda humanitaria e defensa dos dereitos dos presos españois no estranxeiro así como a axuda aos españois en situación de desamparo e abandono.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrencia pública.

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Con atención no exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com

